



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARITIMA DO APOSTOLO SANTIAGO A GALICIA

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeá e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

Asociación de Amigos da Ruta marítima do Apostol Santiago en Galicia ten entre os seus fins:

- *Recuperación, promoción, defensa y difusión de la Traslatio: ruta marítima xacobeá por la que trajeron el cuerpo decapitado del Apostol Santiago a Galicia*
- *Ayudar y colaborar al desarrollo de toda tradición xacobeá en el ámbito marítimo dende Jaffa a Santiago de Compostela*

Unha das principais actividades que desenvolve esta asociación é a denominada Ruta do Cabaleiro das Cunchas que realiza un percorrido marítimo – terrestre tendo como meta o sepulcro do apóstolo na Catedral de Santiago de Compostela.

Esta ruta comezou a súa traxectoria no ano 2010 recollendo unha vella tradición que que simboliza a travesía da Traslatio do corpo do Apóstolo Santiago, e rememora a lenda do Cabaleiro das Cunchas, un nobre medieval que sucumbiu á vida no interior das augas de Bouzas en plena celebración dos seus desposorios e devolto á mesma co paso do corpo do Apóstolo, saíndo da mar a lombos do seu cabalo recuberto de cunchas, atribuíndose o milagre ao mesmo Santiago.

Desde o ano 2010, a Asociación de Amigos da Ruta Marítima, promove esta iniciativa, unindo Portugal con Galicia, para levar aos peregrinos até Santiago, incentivando a



Compostela que se lles outorga na mesma Catedral, tras a celebración da misa e a bendición.

Nesta sétima edición, do ano 2016, da Ruta Marítima do Cabaleiro das Cunchas comezará o día 30 de xullo en Bouzas, Vigo. Tras visitar os portos de Viana do Castelo, Sanxenxo, os peregrinos chegarán á Ría de Arousa o día 1 de agosto, onde estarán en Cabo de Cruz e Boiro, viaxarán o día 2, até Santiago de Compostela para asistir á misa na Catedral en honra á Ruta Marítima do Cabaleiro das Cunchas.

Logo de retorno á Ría de Vigo, o día 4 de agosto os navegantes chegarán á Vila de Bouzas, ao día seguinte será xornada de descanso e o Sábado 6 de agosto farán unha Parada Naval na Ría de Vigo e pasarán o día na Illa de San Simón onde se entregarán os diplomas da catedral e o de participación

Con ditas actividades a Asociación, pretende unha maior visualización do Camiño e da cultura xacobeá, en consecuencia, de Galicia, pois o Camiño de Santiago é un conxunto de itinerarios históricos de impacto cultural e económico de primeiro orde cuxa meta, en todos os casos, é Galicia. Polo tanto estas actividades fomentarán o propio Camiño e a súa difusión especialmente nunha ruta, como é a marítima ou da Traslatio, que posúe un índice moi reducido de peregrinos e que incide tamén na potenciación do turismo náutico, un dos produtos cabeceira de marca que promove Turismo de Galicia.

A colaboración iniciada no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, instaladas tanto dentro coma fóra do territorio galego converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia. Estas entidades son as principais prescriptoras e informadoras dos futuros peregrinos, distribuindo cada ano, nos cinco continentes, milleiros de credenciais, folletos informativos, etc., que teñen en todos os casos a Galicia como meta. Como é fácil comprobar en decenas de webs e redes sociais realizan estas accións sen custe para a nosa Comunidade Autónoma, maila concentrarse aquí os tramos finais de todas as vías xacobeas e a meta das mesmas.

Manter esta colaboración coas Asociacións é fundamental para asegurar o fluxo de peregrinos xa que o espazo físico do Camiño, tanto na historia como no presente, ten unha dimensión que transcende o ámbito galego, español e europeo. Así queda acreditado no número de peregrinos que cada ano acoden a Compostela e esta actividade contribúe positivamente ao posicionamento do Camiño no norte de Portugal.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible



promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación única no seu ámbito territorial.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratégico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Na medida do posible contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha experiencia alongada que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Asociación redonda de maneira efectiva na difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá, pois estas labores as desenvolve periodicamente.

b/ criterios específicos:

- A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago posúe un número de socios ao redor do centenar enclavados na vila de Bouza, municipio de Vigo, e noutras localidades do sur de Galicia e Norte de Portugal.
- A súa actividade contribúe a promoción do camiño e dos valores xacobeos relacionados coa ruta marítima que recibe un reducido número de peregrinos.
- Este ámbito territorial da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago coincide co recentemente declarado oficialmente Camiño Portugués da Costa e a súa actividade incidirá positivamente na consolidación desta nova ruta xacobeá.
- Neste ano 2016 a asociación organiza a sétima edición desta Ruta Marítima do Cabaleiro das Cunchas que acredita un traballo continuado no tempo e en progresión.
-

O orzamento da actividade a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
Aluguer barco Bahía de Nerga	6.000,00
Seguridade (persoal neumática e Seguridade Social)	700,00
Promoción	
- Grimpolas	300,00
- Lonas publicidade	1.200,00
- Revista Ruta	1.800,00



Xuntanzas	
- Catering acto presentación ruta	600,00
- Catering clausura ruta	1.200,00
Póliza de seguro	600,00
Páxina web	164,00
Total	12.664,00

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 3.000 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta contable 627 que se distribuirán segundo o exposto anteriormente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a suscripción deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente